Maio de 2023

Núm. 77

# BOLETÍN DE IGUALDADE



O Boletín de Igualdade é unha publicación mensual dixital en acceso libre da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos sobre igualdade de xénero.


**UNIDADE DE IGUALDADE**

**Edificio Ernestina Otero 1º andar**

**Campus universitario**

**Vigo-36310**

**igualdade@uvigo.gal**

**986 813 419**


Se queres achegar información, envía as tuas suxestións, por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade

UniversidadeVigo

# CONTIDO

AXENDA .... 4
FORMACIÓN .... 4
CONGRESOS E SEMINARIOS .... 5
CONVOCATORIAS .... 6
SUXESTIÓNS .... 8
RECURSOS .... 11
NOVAS DO DUVI .... 14
NOVAS .... 14
DATOS .... 16
FERRAMENTAS DE IGUALDADE .... 17

# MAIO

| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 18 | 1 Festa do Traballo | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 19 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 20 | 15 | 16 | 17* Día Internacional contra a Homolesbobitransfobia | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 21 | 22 | 23 | 24 Día Internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme | 25 | 26 | 27 | 28 Día Internacional da Acción pola Saúde das Mulleres |
| 22 | 29 | 30 | 31 | 1 | 2 | 3 | 4 |

## AXENDA

2 de maio: **Xornada «As (Ciber)violencias sexuais: a coeducación como medida de prevención».** De 10:30 h a 17:00 h no salón de graos da Facultade de Educación e Traballo Social. Actividade do programa de Axudas de sensibilización en materia de xénero da Unidade de Igualdade.

3 de maio: Xornada **Feminismos interseccionais: coidados, diversidade e ruralidade.** Esta xornada terá lugar ás 11:30 h na Facultade de Educación e Traballo Social do Campus de Ourense. Actividade do programa de Axudas de sensibilización en materia de xénero da Unidade de Igualdade.

Sesións do ciclo de cine (In)Visibilidade de Mulleres STEAM no Salón de actos do museo MARCO (Vigo) +Info Actividade do programa de Axudas de sensibilización en materia de xénero da Unidade de Igualdade.

- 2 de maio: ***Rafea: solar mama*** (Mona Eldaief, Jehane Noujaim, 2012) ás 18:30 h.
- 9 de maio: ***Picture a scientist*** (Ian Cheney, Sharon Shattuck, 2020) ás18:30 h

11 de maio: Entrega do **III Distintivo de Igualdade** na sala 1 do Edificio Miralles ás 11:30 h.

22 de maio: Entrega dos **premios Valedora do Pobo aos mellores TFG e TFM en materia de igualdade e dereitos das mulleres.** Terá lugar na sala Manolo Ramos do Edificio Ernestina Otero do Campus de Vigo ás 11:30 h.

## FORMACIÓN

### Itinerario formativo virtual en Xénero da Universidade de Vigo + Info

Está composto por 22 cursos virtuais asíncronos agrupados en 5 eixes:




1. Introdución á formación en xénero
2. Educación sexo-afectiva
3. Ciencia, tecnoloxía e xénero
4. Políticas de igualdade
5. Novas reflexións sobre o sexo/xénero

Podes matricularte nos cursos ata o día 5 de maio aquí.

**Conferencia: Distintas vertentes dos feminismos descoloniais**. O 4 de maio ás 18:00 h. Organiza a Centro de Estudos de Xénero e Feministas da Universidade da Coruña (CEXEF).

**Xornada: TDAH y Mujer** da Fundación INGADA +Info
5 de maio. Inscricións ata o 1 de maio aquí.

**3ª ECO-SOS Workshop sobre Economía e Sostibilidade: desafíos de xénero.** Universitat Rovira i Virgili. +Info
12 de maio.

**Xornadas Internacionais EDIGA: Xénero, Entornos Dixitais e Adolescencia** +Info
O 13 e 14 de xullo na Facultade de Ciencias da Educación da Universidad de Santiago de Compostela.

## CONGRESOS E SEMINARIOS




### XVI Encontro das Unidades de Igualdade-RUIGEU 2023 +Info

Organizado pola Universidad de Valladolid.
Proximamente a información estará tamén na páxina da RUIGEU




### VIII Xornada Universitaria Galega en Xénero «Epistemoloxías feministas en acción»

Este encontro está organizado, conxuntamente, polos Servizos de igualdade das tres universidades galegas.
Esta edición terá lugar o 9 de xuño no Edificio Redeiras (Vigo). Podes consultar o programa completo aquí.
A partir das 9:30 h haberá tres relatorios: «A perspectiva de xénero na docencia universitaria» de María Jose Rodríguez Jaume, «A perspectiva de xénero na investigación e transferencia universitaria» de Marta Macho Stadler e «As violencias machistas nas universidades» de Magdalena Suárez Ojeda.
Pola tarde, haberá 3 **mesas para a reflexión** sobre a perspectiva de xénero na investigación e na docencia universitaria e a violencia contra as mulleres.

**Inscricións abertas ata o día 10 de maio.**

**Gender in Higher Education Conference 2023** +Info
25 de maio. Afondará en investigar como se están desenvolvendo as universidades en materia de igualdade de xénero na Era Híbrida, considerando experiencias diferenciais, identificando novos desafíos e explorando as oportunidades para abordar as desigualdades de xénero.

**III Ciclo de Seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Género e Igualdad** +Info
De xaneiro a xuño de 2023. Organiza o Observatorio de las Masculinidades da Universidade Miguel Hernández. Unha sesión por mes

**Congreso Internacional sobre Medios, Género y Sexualidades: Representaciones, Alfabetizaciones y Audiencias : Convocatoria de propuestas** +Info
Do 6 ao 10 de xuño de 2023. Inscrición anticipada do 1 de marzo ao 15 de abril con desconto.

**III Congreso Internacional de Género y Educación. Universidad de Valladolid** +Info
O 5, 6 e 7 de xullo de 2023 en Soria. Presencal e en liña.

**III Congreso Internacional de Género y Educación. Escuela, Educación no formal, Familia y Deporte** +Info
Do 5 ao 7 de xullo de 2023 en Soria. Neste evento no que se combinarán actividades en varios formatos: conferencias plenarias maxistrais, obradoiros, comunicacións procedentes de investigacións e experiencias e outras actividades.

**Xornadas Internacionais EDIGA: «Xénero, entornos dixitais e adolescencia»** +Info
13 e 14 de xullo. Universidade de Santiago de Compostela. Inscricións abertas.

## CONVOCATORIAS

**VIII Xornada Universitaria Galega en Xénero «Epistemoloxías feministas en acción»** +Info
Prazo para presentar comunicacións ata o 8 de maio. As áreas temátcias da xornada son: Perspectiva de xénero na docencia universitaria; Violencia contra as mulleres e
Mulleres, ciencia e investigación

**Bolsa de Estudos Feministas Natividad Yarza** da Fundación Irla +Info
Prazo aberto ata o 7 de maio.

**Subvencións destinadas á realización de Investigaciones Feministas, de Xénero e sobre Mujeres** do Instituto das Mulleres +Info
Prazo aberto ata o 10 de maio.



María Isidra de Guzmán, primeira doutorada española

## Premios de Investigación «Doctora de Alcalá» á Excelencia Investigadora – 2023 +Info

Convocatoria aberta ata o 31 de maio.

Categoría investigadoras novas, con dúas modalidades:

- Ciencias Experimentais
- Ciencias Humanas e Sociais

Categoría á excelencia investigadora, con dúas modalidades:

- Ciencias Experimentais
- Ciencias Humanas e Sociais

## Recepción de artigos para a 1ª Sesión do Grupo Permanente de Xénero e Política da Universidade de Deusto +Info

As propostas poden ser enviadas ata o 15 de xuño.

## Edición 2024 de los L'Oréal – UNESCO For Women in Science International Awards +Info

Está aberto o prazo para presentar candidaturas ata o 28 de xuño.

## Monográfico "Corporalidades: diálogos en torno a sujeto y género". Clepsydra: Revista Internacional de estudios de género y teoría feminista +Info

Recepción de orixinais ata o 1 de setembro de 2023.



Alicia Herrera

## V Premio Alicia Herrera artículos jurídicos mujer y derecho +Info

Prazo de presentación até o 14 de setembro de 2023.

Número especial da revista **Papeles del CEIC. Por que a socioloxía cuantitativa debe saír dos armarios? +Info**

Aberta a recepción de artigos ata o 30 de setembro de 2023.

## VIII Edición do Concurso de Fotografía e IV Edición do Concurso de Video Xenerosidade «Yo decido». Fundación Cermi Mulleres. +Info

O prazo de presentación de obras finaliza o 30 de setembro de 2023.

## VIII Congreso Economía Feminista +Info

Presentación de propostas ata o 30 de novembro.

## Científicas e innovadoras +Info

A Unidad de Mujeres y Ciencia do Ministerio de Ciencia quere ampliar a plataforma na que se recollen os perfiles de científicas e innvadoras que teñan recibido premios e distincións en I+D+i. Os datos poden enviarse a umyc@ciencia.gob.es

## SUXESTIÓNS




O 8 de abril conmemórase o Día Internacional do Pobo Xitano, unha data que lembra o Primeiro Congreso Mundial romaní/xitano celebrado en Londres en 1971. Cómpre lembrar que na península ibérica o pobo xitano ou *calé*, ten máis de 6 séculos de historia, marcada cunha longa tradición de violencia e marxinalización desde os distintos gobernos e poderes. De feito, como di o historiador George Borrow[1] «quizais non haxa un país no que se fixeran máis leis con intención de suprimir e extinguir o nome, a raza e o modo de vivir dos xitanos como en España». Esta historia da violencia sobre o pobo xitano é común no resto da Europa, e en concreto, as mulleres xitanas convertéronse na diana do odio de moitos estados. No libro *El movimiento de mujeres romaníes: Luchas y debates en Europa central y oriental* (2022) recóllense voces de distintas activistas xitanas que no seu prefacio reclaman a interseccionalidade como lugar desde o que partir das xitanas:

> Desde ser encarceradas ou asasinadas como bruxas durante a Idade Media ata ser esterilizadas pola forza en países da UE como a República Checa e Eslovaquia, as mulleres xitanas viron continuamente como os seus corpos se converten no branco dun odio patrocinado polo Estado. Tamén son degradadas, tanto no pasado como no presente, como «libertinas» ([John] Hoyland, 1816, 7), como mulleres con «instintos de putas» e como mulleres «xitanas [*Gypsy*] agresivas e apestosas» ([Henry] Scicluna, 2007). Así que non sorprende que, ao igual que as súas irmás afroamericanas, as activistas e académicas xitanas, sintan con frecuencia que o sexismo é insignificante á luz da realidade máis dura e brutal do racismo ([bell] hooks, 1982).

Na nosa sociedade, os corpos das marxes son habitualmente violentados, silenciados e invisibilizados, polo que desta vez, aproveitamos esta data para incluír nas suxestións deste mes as voces de distintas activistas, artistas e proxectos da comunidade xitana.

[1] Sobre a figura de George Borrow e os seus aportes historigráficos existen artigos críticos que revisan os estereotipos presentes na súa obra. Para máis información recomendamos ler o artigo «Historia gitana: enfrentarse a la maldición de George Borrow» de María Sierra.



No eido da literatura é preciso destacar á escritora Noelia Cortés con dous libros publicados: un poemario titulado *Del mar y la muerte* (2021) e o ensaio *La higuera de las gitanas* (2022). Os seus poemas conforman un imaxinario marcado pola desmemoria cara o pobo xitano e referencias literarias como Sylvia Plath, Gata Cattana ou Papusza, a poeta xitana. No ensaio, o título xa fai referencia á figueira dos futuros posibles de Sylvia Plath, e inspíranos a preguntarnos polas posibilidades de futuros e pasados das mulleres xitanas. Partindo desta idea a obra reflexiona sobre a capacidade de narrar(se) a unha mesma, nun mundo cultural e literario antixitano e que atrapa ás voces racializadas en estereotipos e cegueiras (Zenda Libros, 2022)

«Yo escribo desde la jaula, con la víscera sobre el escritorio. Escribo sobre mi madre y sobre la suya. Escribo desde la condena al vientre del que nacimos.»

Noelia Cortés analiza a representación dos xitanos mediante exemplos do mundo da música, do cine e da literatura, e chega á conclusión de que «o retrato mantido e arrastrado do xitano na arte é máis be unha incitación á sospeita: máis que unha persoa, un recurso literario». Finalmente, revisa tópicos nos que o movemento feminista branco tamén cae ao pousar unha mirada enxuízante sobre «o machista que son os xitanos», pois parece que cando é sobre outras culturas non nos custa recoñecer a violencia sistemática, sempre e cando non teñamos que revisar a nosa propia e os nosos comportamentos (Poscultura, 2022).




Esta autora tamén participa noutro proxecto xunto coa *bailaora* andaluza Carmen Borregomoi, que consiste nunha revolución flamenca, o espazo dixital [Peineta Revuelta](). Elas entenden que o flamenco «nace dun territorio fronteirizo, desde os bordes do sistema onde os pobos subalternos, marxinados, racializados e empobrecidos berran as súas verdades en forma de *soleá*, bulerías ou martinete. O flamenco é corpo, é grito e é choro pero tamén alegría, burla, *guasa* e arte. Nace dun profundo sentimento da pena fonda andaluza e da alegría da supervivencia. Esta expresión vivencial é unha forma de romper o silencio pero tamén de habitalo con presenza indómita e



irreverente para fragmentar a docilidade imposta». A través da páxina web e redes sociais do proxecto recuperan as memorias xitanas do flamenco e tamén visibilizan as artistas actuais.

Para seguir coas recomendacións sobre literatura, o libro de Pastora Filigrana *El pueblo gitano contra el sistema-mundo: Reflexiones desde una militancia feminista y anticapitalista* (2022) proponnos buscar un horizonte emancipador común para as distintas subxectividades a partir das estratexias de resistencia ao capitalismo, ao patriarcado e ao colonialismo, históricas e actuais do pobo xitano. A parte central do libro, analiza os principais estereotipos cos que se define ao pobo xitano e as formas de organizarse e resistir do mesmo.

Sobre a memoria xitana no flamenco tamén se fixo público este 8 de abril o Museo virtual Flamenco Pop, unha homenaxe á incalculable cantidade de artistas que crearon o que chamamos Novo Flamenco. A palabra "Pop" refírese a "Popular", a que é do pobo e pop flamenco que bebe doutras músicas como Rock ou Blues, Soul e mesmo Urban Rhythms ou Reggaeton. Esta iniciativa impulsada pola artista Cathy Claret pretende deixar testemuño de todos os avances xitanos que se produciron no flamenco, ante o esquecemento e a idea de que a innovación veu de persoas brancas e desta última época.

O ámbito educativo tamén conforma un lugar de exclusión para o pobo xitano. De feito os últimos datos que temos son que un 63,7% do alumnado xitano abandona prematuramente os seus estudos. Neste contexto nace o proxecto Jitana, unha investigación-acción participativa baseada na comunidade sobre os dereitos da mulleres e liderada polas asociacións xitanas. Desde este proxecto din que un dos desafíos actuais do estado é levar a cabo iniciativas que contemplen ás familia xitanas e ás súas fillas adolescentes desde unha perspectiva de xénero baseada nos dereitos humanos e na loita contra o antixitanismo

**Bibliografía e webgrafía:**

Vega Cortés, Agustín: Los gitanos en España. Dispoñible na web de Unión Romaní.

Matache, Margareta (2022, 8 de abril): El movimiento de mujeres romaníes. Adelanto editorial. *El Salto.* https://www.elsaltodiario.com/el-rumor-de-las-multitudes/el-movimiento-de-mujeres-romanies-adelanto

Kóczé, Angéla *et al.* (eds.) (2022). *El movimiento de mujeres romaníes* (1ª edición). Madrid: Kaótica.

Cortés, Santy. (2023, 30 de setembro). *Las palabras se las lleva el viento.* https://laspalabrasselasllevaelviento.es/la-higuera-de-las-gitanas-de-noelia-cortes/

Fernández, Marcela. (2022, 13 de outubro) La higuera de las gitanas o cómo reparar el vínculo humano. *Poscultura.* https://poscultura.com/feminismo-identidad/higuera-de-las-gitanas/

Correa, Alba (2022, 8 de abril). 'La higuera de las gitanas', de Noelia Cortés: el ensayo breve que examina el racismo antigitano en la literatura y el feminismo institucional. *Vogue.* https://www.vogue.es/living/articulos/noelia-cortes-libro-higuera-gitanas-entrevista

Babiker, Sarah. (2022, 7 de decembro). ¿Caben los sueños de las niñas gitanas en los centros educativos? *El Salto.* https://www.elsaltodiario.com/pueblo-gitano/caben-los-suenos-de-las-ninas-gitanas-en-los-centros-educativos

## RECURSOS

**Catálogo de referencia de políticas y servicios en materia de violencia contra las mujeres conforme a los estándares internacionales de derechos humanos** +Info

**Abordar a igualdade de xénero na investigación e a innovación** (EN) +Info

**Os científicos con varias subvencións dos NIH (Institutos Nacionais de saúde) son na súa maioría homes e brancos** (EN) +Info

**Guía Sexualidades en clave cultural** +Info

**Revista de Género e Igualdad iQual, nº 6, febreiro 2023** +Info

**Comprender a violación na Unión Europea: a necesidade esencial da recollida de datos administrativos** (EN) +Info

**Revista IgUALdad, nº 22, abril 2023** +Info

**Gravacións da xornada final de difusión: Promoción e implementación da dimensión de sexo e xénero na investigacion do proxecto europeo GENDER-NET Plus- Promoting gender equality in H2020 and the ERA** (EN) +Info

Sesión 1: Mellorar a atención as persoas en situación de vulnerabilidade
Sesión 2: Creación de políticas contra a violencia de xénero
Sesión 3: Desentrañar a dimensión sexo/xénero da saúde/medicina
Sesión 4: Abordar os roles de xénero

**A necesidade de acabar coa ciberviolencia- Entrevista á experta Eleonora Esposito.** Episodio do podcast *WAVE - Women against Violence Europe* (EN) +Info

**Gravación de «Cóntancho as matemáticas: Emmy Noether y Olga Pérez»** +Info
Proxecto educativo, deseñado desde MaReMa, o grupo de innovación docente Materiais e Recursos en Matemáticas da Universidade de Vigo, co obxectivo de estimular as vocacións matemáticas entre o estudantado de Educación Primaria y primeiros cursos de Educación Secundaria.

**As mulleres xa eran desiguais no mundo da saúde global. A pandemia agravouno** (EN) +Info

**Informe «Voces científicas en femenino. La mujer y la niña en la ciencia española, europea y global. » 2023** +Info

**Emprendemento verde das mulleres e emprendemento das mulleres no ámbito rural.** Informe 2023 +Info

**Grabación da Xornada «As mulleres no emprendemento verde e rural»** do Ministerio Transición Ecolóxica e Reto Demográfico +Info

**Igualdade en Cifras MEFP** +Info

**Informe «Diversidade e STEM: mulleres, minorías e persoas con discapacidade» 2023** (EN) +Info

**Porfolio completo das Guerrilla girls 1985-2021** (EN) +Info
Un portafolio de 124 carteis, 2 boletíns, 9 vídeos e 6 libros creados por Guerrilla Girls entre 1985 e 2021 e firmados por membras fundadoras.

**Rompendo o nesgo: como lograr a Equidade de xénero na conservación (EN) +Info**

**Queer noutros lugares do mundo - Imaxinarios do sur de Asia**. Journal *Feminist Review*. Núm. 1 Vol. 133, 2023 (EN) +Info

**Igualdade e análise con perspectiva de xénero no ámbito da enxeñería** +Info
Gravación da mesa redonda Mesa redonda organizada polo CINTECX con motivo do 8M

**Liderado feminino para unha Administración pública innovadora** +Info

**Guía de programas de mentorado en ciencia, tecnoloxía e innovación:** descrición e análise desde un enfoque de xénero +Info

**Segundo informe de seguimento do III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2022** +Info

**Informe «Derechos Humanos de las Mujeres y Niñas con Discapacidad» 2022** +Info

**Informe «Científicas en Cifras 2023»** +Info
Publicado polo Ministerio de Ciencia e Innovación

**Gravacións do Encontro Internacional Feminista-EIF «We call it feminism. Feminismo para un mundo mejor» organizado polo Ministerio de Igualdade** +Info

**Proxecto Intelixencia Artificial para Mulleres: Identificación de comentarios sexistas en las redes sociales mediante técnicas de IA** +Info
O proxecto Intelixencia Artificial para Mulleres, financiado pola Cátedra de Feminismo 4.0 da Deputación de Pontevedra, está centrado na detección de comentarios machistas en redes sociais empregando intelixencia artificial. Nel participan atlanTTic, DATASALUS e a Universidade de Vigo. Póster científico aquí.

**Actas do II Congreso internacional sobre masculinidades e igualdad** +Info

**Guía para la elaboración de planes de igualdad en las empresas** +Info

**Datos e campaña da Comisión de Igualdad de la AEET** sobre o chan pegañento nas investigadoras e científicas **+Info**

**Queres ser unha muller STEAM? +Info**
Videos que recollen testemuños de mulleres STEAM.

**Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas.** FEGAMP, 2023 **+Info**

**Revista Journal of Language and Sexuality.** Núm. 1, Vol. 12, 2023 **+Info**

**Dossier 2023 ¿Qué es la violencia sexual? +Info**

**A publicidade de xoguetes en plataformas e redes sociais durante a campaña de nadal 2022-2023** (CAT) +Info

**Unha chamada para crear financiamento para as investigadoras que son nais** (EN) **+Info**
Este artigo presenta datos que proveñen dun traballo liderado por Mother in Science (MIS) quen presentou recentemente un plan con propostas de políticas antidiscriminatorias para as entidades financiadoras. O informe destaca seis aspectos nos que incidir: a necesidade de apoio financieiro para asegurar a continuidade da investigación; flexibilidad para nais, pais e cuidadoras/es, incluída a opción de teletraballo; sistemas para rastrexar a diversidade e a inclusión e para sinalar sospeitas de discriminación; simplificación do proceso de solicitude e avaliación de subvencións e bolsas; e abordar o impacto desproporcionado que la pandemia da covid tivo nas mulleres científicas.

**A desigualdade de xénero e o cambio climático non son desafíos separados** (EN) **+Info**

**Imaxinarios feministas anticoloniais. A journal for body and gender research.** Núm. 1 Vol. 9, 2023 (EN) **+Info**

**Muller e emprego público: unha aproximación ao coñecemento experto en recursos humanos e xestión pública en clave de xénero. Documentación Administrativa. +Info**

**As mulleres científicas do** Scripps Institution of Oceanography **teñen a metade do espazo de laboratorio que os homes** (EN) **+Info**

**(Re)producindo feminidades galegas: praxe creativa das mulleres na Galicia do século XXI. International Journal of Iberian Studies.** (EN) +Info
Acceso baixo subscrición de pago.

## NOVAS DO DUVI

**Futuras mestras de Infantil fórmanse no uso educativo da danza** +Info



**Mamá, quero ser científica!** +Info

A UVigo volveu achegar á sociedade as súas capacidades en I+D+i dun xeito lúdico e participativo

**Reseñas.31, unha invitación a cuestionármonos que entendemos por xénero, ecoloxismo e filosofía** +Info

**A publicidade pode perpetuar os estereotipos de xénero, pero tamén combatelos** +Info

**Expertas en igualdade analizarán en Vigo o impacto da actual multicrise na violencia de xénero e na traxectoria investigadora das mulleres** +Info

**Os lugares de tránsito centran o novo libro da artista e docente Anne Heyvaert** +Info

**Unha publicación aborda de xeito multidisciplinar a submisión química e o uso de substancias psicoactivas en agresións sexuais** +Info

**Unha xornada aborda a violencia sexual na adolescencia dende a perspectiva de xénero** +Info

**Máis dun cento de persoas participan na 1º Xornada interuniversitaria sobre submisión química e violencias sexuais** +Info

**Abre a inscrición para a oitava edición do Itinerario Formativo Virtual en Xénero, que incorpora tres cursos novos** +Info

## NOVAS







**Os pais aínda teñen tempo de lecer extra** (EN) +Info

**Un tribunal supremo razoable? Dificilmente. Non te deixes enganar por este sistema extremista** (EN) +Info

**Brecha salarial de género: el PE aprueba nuevas normas de transparencia +Info**

**Los machismos que aguanté como científica: «¿Te deja tu novio hacer las prácticas fuera?» +Info**

**Gender Museum: el museo de género de Ucrania que han salvado dos españoles +Info**

**El 99 % del profesorado de primaria y secundaria cree que debe implicarse más ante situaciones de violencia machista +Info**

**El consentimiento en los dibujos animados: ni está ni se le espera +Info**

**Nun estado liberal dos Estados Unidos, o meu aborto para salvar a miña vida custou 55.000 dólares (EN) +Info**

Os estudos demostran que, entre os 20 e os 40 anos, as mulleres pagan moito máis pola asistencia sanitaria que os homes, en gran parte debido aos coidados reprodutivos.

**La auténtica red social: una investigación convierte a las mujeres y niñas gitanas del barrio más pobre de España en activistas +Info**

**¿Por qué suelen ser las mamás y no los papás el contacto de referencia de sus hijos? +Info**

**Romper moldes en Somalia con un periodismo hecho solo por mujeres +Info**

**El empujón +Info**

Las niñas expresan su rabia cuando, bajando las escaleras para ir al recreo, sus compañeros las empujan para que se aparten. Ellas aprenden a echarse a los lados para no recibir estos empujones

**Varias mujeres acusan al sociólogo portugués Boaventura de Sousa Santos de acoso sexual durante casi una década +Info**

**Al rescate de Ana Caro de Mallén, la dramaturga olvidada del Siglo de Oro +Info**

**A Universidade de Groningen enfróntase ás peticións para reintegrar a unha investigadora en igualdade de xénero que foi despedida** (EN) **+Info**

**La historia oscura detrás de Pornhub, el gigante del porno: billones de dólares, abusos y videos de menores +Info**

**Regresa a feira 'A ciencia que vén ten nome de muller' +Info**

**O que aínda non sabemos sobre os períodos mestruais** (EN) **+Info**

**Las ingenieras ganan peso en la Universidad de Vigo y ya son un tercio de titulados +Info**

**La gestación subrogada o el divorcio exprés, a debate en la Facultad de Ciencias Jurídicas** +Info

**El campus convoca el Itinerario Formativo Virtual en Xénero, con tres nuevos cursos** +Info

**Facer xurdir os nesgos androcéntricos, etnocéntricos e de clase, clave para pensar os museos desde o feminismo** +Info

**Hacer ejercicio aeróbico, un aliado contra el síndrome premenstrual** +Info

## DATOS

**Observatorio de Igualdade da UVigo** +Info

**Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España** +Info

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

**Científicas en Cifras 2023** +Info

**Boletín Estatístico Mensual da Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero** +Info

**Observatorio Igualdade Emprego** +Info
Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

**Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero** +Info
Fonte para analizar cuestións de igualdade de xénero en todos os ODS en 129 países.

**As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas** (EN) +Info

**Mapeo do teito de cristal das rexións europeas** +Info

**Institucións sociais e índice de xénero** (EN) +Info
Datos e perfiles de países sobre o nivel de discriminación nas leis, normas e prácticas sociais en 180 países nunha ampla diversidade de temas. Hai datos resumidos a nivel mundial e datos por países.

**A vida de mulleres e homes en Europa** (EN)
Edición interactiva 2022 +Info

## FERRAMENTAS DE IGUALDADE

**Recursos contra as violencias machistas da UVigo** +Info

**Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo**
En Ourense e Vigo.

**CIM- Centros de Información ás Mulleres**
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. +Info

- CIM Vigo
  Rúa Romil núm. 20
  986 293 963
- CIM Ourense
  Rúa Ensino núm. 24
  988 393 191
- CIM Pontevedra
  Praza José Martí, 3º andar
  900 119 741 e 986 864 825

**Oficinas de atención á vitima** (nas tres cidades) Cita previa

**APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero** +Info

**Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero** +Info

**Guía de promoción da investigación sensible ao xénero** +Info

**Guía de actuación fronte á violencia machista** +Info

**Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero** +Info

**Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista** +Info

**Lei de mellora da protección das persoas orfas vítimas da violencia de xénero** +Info

**Información do Estado sobre a violencia vicaria** +Info

**Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos** +Info
Rúa Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328.
Atención ás vítimas: 606 929 137.
Grupo de mulleres de Vigo que presta atención, apoio e acompañamento ás mulleres no proceso de separación e de ruptura coas situacións derivadas da violencia de xénero.

**Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero.** Ano 2023

**Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.** Ano 2023

**Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero.** Ano 2023

**Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata.** Ano 2023

**Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025** +Info

**Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero** +Info

**Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero** +Info